

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

DECRETO 97/2021, do 10 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2022.

O artigo 37.2 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, determinan o calendario de festas laborais de ámbito estatal, de carácter retribuído e non recuperable. Respecto dalgunhas destas festas de ámbito estatal as comunidades autónomas teñen facultades de opción e tamén as poderán substituír, cando haxa festas estatais que coincidan con domingo, incorporando outras da comunidade autónoma que lles sexan tradicionais.

Conforme o referido anteriormente, e facendo uso das facultades de opción e substitución, óptase polo 25 de xullo, festa de Santiago Apóstolo, como Día Nacional de Galicia. Por coincidir en domingo o día 1 de maio, Festa do Traballo, substitúese polo día 17 de maio, Día das Letras Galegas e o 25 de decembro, Natividade do Señor substitúese polo 24 de xuño, San Xoán.

Segundo o establecido na Constitución española e no artigo 29.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia, na súa virtude e facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, por proposta da conselleira de Emprego e Igualdade, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do dez de xuño de dous mil vinte e un,

DISPOÑO:**Artigo 1. Festas laborais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2022**

De non se produciren modificacións no calendario laboral de carácter estatal, as festas laborais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 serán as seguintes:

1 de xaneiro	Aninovo
6 de xaneiro	Epifanía do Señor (Día de Reis)



14 de abril	Xoves Santo
15 de abril	Venres Santo
17 de maio	Día das Letras Galegas
24 de xuño	San Xoán
25 de xullo	Día Nacional de Galicia
15 de agosto	Asunción da Virxe
12 de outubro	Festa Nacional de España
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución Española
8 de decembro	Inmaculada Concepción

As festas mencionadas terán carácter obrigatorio e non recuperable.

Artigo 2. *Festas locais*

Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3. *Cómputo de prazos*

De acordo co que dispón o artigo 30.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as festas laborais sinaladas no artigo 1 terán o carácter de días inhábiles para os efectos de cómputo de prazos.

Disposición derradeira primeira. *Comunicación ao Ministerio de Traballo e Economía Social*

Do disposto no presente decreto darase traslado ao Ministerio de Traballo e Economía Social antes do 30 de setembro de 2021.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto producirá efectos desde o día un de xaneiro do ano dous mil vinte e dous.

Santiago de Compostela, dez de xuño de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Emprego e Igualdade

CVE-DOG: gesrxm22-1129-ki74-nia5-ybaeqjhn5a8



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

RESOLUCIÓN do 10 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2022, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 37.2 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, así como no artigo 1 do Decreto 97/2021, do 10 de xuño, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2022 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 128, do 7 de xullo), segundo o procedemento establecido e en virtude das resolucións ditadas para o efecto, as xefaturas territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade, elaboraran o calendario laboral provincial no que se determinan as festas laborais de carácter local correspondentes aos concellos da respectiva provincia –A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra–.

De conformidade co establecido no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 2 do Decreto 103/2015, do 15 de xullo, e ante a conveniencia de que se coñezan as festividades de ámbito local desta comunidade autónoma, sen ter que consultar diferentes boletíns oficiais, é preciso que se lles dea publicidade nun único diario oficial.

En virtude do anterior, a Dirección Xeral de Relacións Laborais acorda o seguinte:

Primeiro. Darlles publicidade ás festas de carácter local, inhábiles para os efectos laborais, retribuídas e non recuperables, para o ano 2022, que serán para os concellos pertencentes ás provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, as que figuran, respectivamente, nos anexos I, II, III e IV.

Segundo. Lembrar que, en virtude do establecido no artigo 34.6 do Estatuto dos traballadores, as empresas deberán ter exposto o calendario laboral nun lugar visible de cada centro de traballo, para coñecemento e consulta dos seus traballadores e traballadoras. O incumprimento do anterior constitúe infracción en materia laboral tipificada no artigo 6 do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2021

Elena Mancha Montero de Espinosa
Directora xeral de Relacións Laborais

CVE-DOG: 1b5xseb3-4pa4-28g9-xhp5-sa1a0fcbkzk8



ANEXO I
Calendario laboral 2022

Provincia: A Coruña.

1. Abegondo: 1 de marzo, Martes de Entroido, 25 de abril, festa de San Marcos.
2. Ames: 26 de maio, festa da Ascensión, 18 de abril, Luns de Pascua.
3. Aranga: 28 de febreiro, Luns de Entroido, 3 de maio, festa da Santa Cruz.
4. Ares: 2 de marzo, Mércores de Cinza, 7 de xuño, Voto de Chanteiro.
5. Arteixo: 1 de marzo, Martes de Entroido, 26 de xullo, festas de Santiago Apóstolo.
6. Arzúa: 1 de marzo, Martes de Entroido, 18 de xullo, festa da Virxe do Carme.
7. Baña (A): 18 de abril, Luns de Pascua, 9 de setembro, Día das Dores.
8. Bergondo: 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de agosto, festa local de Bergondo.
9. Betanzos: 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de agosto, festa de San Roque.
10. Boimorto: 1 de marzo, Martes de Entroido, 6 de setembro, festas do Rosario.
11. Boiro: 1 de marzo, Martes de Entroido, 31 de agosto, Festividade de San Ramón.
12. Boqueixón: 1 de marzo, Martes de Entroido, 26 de maio, Día da Ascensión.
13. Brión: 26 de maio, Día da Ascensión, 27 de setembro, festa de Santa Minia.
14. Cabana de Bergantiños: 1 de marzo, Martes de Entroido, 1 de agosto, festa de San Fins.
15. Cabanas: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, festa de San Martiño.
16. Camariñas: 1 de marzo, Martes de Entroido, 18 de xullo, festas da Virxe do Carme.
17. Cambre: 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de agosto, festa local de Cambre.

CVE-DOG: 1b5xseb3-4pa4-28g9-xhp5-sa1a0fcbkzk8



18. Capela (A): 5 de agosto, Venres festa patronal da Capela, 16 de agosto, Martes, festa patronal da Capela.

19. Carballo: 1 de marzo, Martes de Entroido, 25 de xuño, festa Patronal de San Xoán Bautista.

20. Cariño: 1 de marzo, Martes de Entroido, 24 de agosto, festa local de Cariño.

21. Carnota: 16 de maio, festa local de Carnota, 31 de outubro, festa local de Carnota.

22. Carral: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de setembro, festa da Virxe do Socorro.

23. Cedeira: 13 de xuño, festa de San Antonio, 26 de xullo, festa de Santa Ana.

24. Cee: 16 de xullo, festa de San Adrián, 16 de agosto, festa de San Roque.

25. Cerceda: 1 de marzo, Martes de Entroido, 23 de xuño, Día da cachela de San Xoán.

26. Cerdido: 1 de marzo, Martes de Entroido, 13 de xuño, festa de Santo Antonio.

27. Coirós: 7 de xaneiro, festa de San Xulián, 1 de marzo, Martes de Entroido.

28. Corcubión: 25 de abril, festa de San Marcos, 29 de xuño, festa de San Pedro.

29. Coristanco: 1 de marzo, Martes de Entroido, 13 de xuño, festa de San Antonio de Aqualada.

30. Coruña (A): 1 de marzo, Martes de Entroido, 7 de outubro, festa da Virxe do Rosario.

31. Culleredo: 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de maio, festa local de Culleredo.

32. Curtis: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de setembro, Día da Virxe dos Remedios.

33. Dodro: 18 de abril, Luns de Pascua, 12 de setembro, festa de Laíño (Virxe do Leite e do Bo Parto).



34. Dumbría: 29 de xuño, festa de San Pedro de Buxantes, 11 de novembro, festa de San Martiño de Oliveira.

35. Fene: 2 de marzo, Mércores de Cinza, 6 de agosto, festa de San Salvador.

36. Ferrol: 7 de xaneiro, San Xiao, 18 de abril, Luns de Pascua/Nosa Señora do Chamorro.

37. Fisterra: 18 de abril, Luns de Pascua, 8 de setembro, festa local de Fisterra.

38. Frades: 1 de marzo, Martes de Entroido, 29 de setembro, festa de San Miguel.

39. Irixoa: 1 de marzo, Martes de Entroido, 10 de agosto, San Lourenzo.

40. Laracha (A): 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de setembro, festa da Virxe dos Milagres de Caión.

41. Laxe: 16 de agosto, Día de San Roque, 17 de agosto, Día do Carne.

42. Lousame: 25 de abril, festa de San Marcos, 30 de setembro, festa de San Roquiño.

43. Malpica de Bergantiños: 7 de xaneiro, Día de San Xulián, 26 de agosto, festa do Mar.

44. Mañón: 8 de agosto, festa de Santa Rosa, 9 de decembro, festa do Marisco.

45. Mazaricos: 1 de marzo, Martes de Entroido, 23 de xuño, festa de San Xoán.

46. Melide: 29 de xuño, Día de San Pedro, 18 de abril, Día de Pascua.

47. Mesía: 1 de marzo, Martes de Entroido, 13 de xuño, festa de Santo Antón.

48. Miño: 1 de marzo, Martes de Entroido, 29 de xuño, Día de San Pedro.

49. Moeche: 1 de marzo, Martes de Entroido, 23 de abril, San Xurxo.

50. Monfero: 28 de febreiro, Luns de Entroido, 1 de marzo, Martes de Entroido.

51. Mugardos: 7 de xaneiro, festa local de Mugardos, 7 de xuño, Voto de Chanteiro.



52. Muros: 29 de xuño, festa de San Pedro, 18 de xullo, festa de Santa Mariña de Esteiro.

53. Muxía: 18 de abril, Luns de Pascua, 12 de setembro, Luns da Barca.

54. Narón: 23 de novembro, Día de Narón, 1 de marzo, Martes de Entroido.

55. Neda: 1 marzo, Martes de Entroido, 8 de setembro, festa local de Neda.

56. Negreira: 8 de xullo, festa de San Cristovo, 19 de setembro, festa de Santa Margarita.

57. Noia: 16 de xullo, festa da Virxe do Carme, 24 de agosto, festa de San Bartolomeu.

58. Oleiros: 1 de marzo, Martes de Entroido, 18 de abril, Luns de Pascua.

59. Ordes: 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de agosto, festa local de Ordes.

60. Oroso: 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de setembro, festa de Santa Eufemia.

61. Ortigueira: 1 de marzo, Martes de Entroido, 29 de xullo, Día de Santa Marta.

62. Outes: 2 de marzo, Mércores de Cinza, 29 de setembro, Festividade de San Campio.

63. Oza-Cesuras: 1 de marzo, Martes de Entroido, 6 de xuño, Día da constitución do concello de Oza-Cesuras.

64. Paderne: 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de agosto, festa local de Paderne.

65. Padrón: 18 de abril. Luns de Pascua, 6 de maio, festa de San Xoán do Raio.

66. Pino (O): 29 de xuño, festa de San Pedro, 22 de xullo, festa de Santa María Magdalena.

67. Pobra do Caramiñal (A): 22 de agosto, O Carme dos Pincheiros, 19 de setembro, O luns de Nazareno.

68. Ponteceso: 16 de xullo, festa local de Ponteceso, 13 de setembro, festa local de Ponteceso.



69. Pontedeume: 8 de setembro, festa das Peras, 29 de setembro, festa de San Miguel de Breameo.

70. Pontes de García Rodríguez (As): 1 de marzo, Martes de Entroido, 18 de xullo, festa do Carme.

71. Porto do Son: 28 de febreiro, Luns de Entroido, 9 de setembro, festa de Nosa Señora de Loreto.

72. Rianxo: 15 de xullo, festa do Carme, 16 de setembro, Venres de Guadalupe.

73. Ribeira: 1 de marzo, Martes de Entroido, 12 de setembro, Santa Uxía de Ribeira.

74. Rois: 18 de abril, Luns de Pascua, 16 de maio, festa local de Rois.

75. Sada: 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de agosto, festa de San Roque.

76. San Sadurniño: 7 de xaneiro, festa de San Xiao, 1 de marzo, Martes de Entroido.

77. Santa Comba: 29 de xuño, festa de San Pedro, 30 de xuño, festa de San Antonio.

78. Santiago de Compostela: 26 de maio, Día da Ascensión, 16 de agosto, Día de San Roque.

79. Santiso: 13 de xuño, festa de San Antonio, 14 de setembro, festa de Santa Cruz.

80. Sobrado: 1 de marzo, Martes de Entroido, 29 de xuño, festa de San Pedro.

81. Somozas (As): 26 de xullo, festa local das Somozas, 1 de marzo, Martes de Carnaval.

82. Teo: 26 de maio, festa da Ascensión, 11 de novembro, Día de San Martiño.

83. Toques: 1 de marzo, Martes de Entroido, 2 de setembro, festa de San Antolín.

84. Tordoia: 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de maio, festa de San Isidro Labrador.

85. Touro: 1 de marzo, Martes de Entroido, 18 de abril, Luns de Pascua.

86. Trazo: 1 de marzo, Martes de Entroido, 21 de setembro, San Mateo.



87. Val do Dubra: 1 de marzo, Martes de Entroido, 5 de agosto, festa do Emigrante.
88. Valdoviño: 1 de marzo, Martes de Entroido, 17 de agosto, Día de San Mamede.
89. Vedra: 26 de maio, festa da Ascensión, 19 de setembro, Día do Patio.
90. Vilarmaior: 28 de febreiro, Luns de Entroido, 1 de marzo, Martes de Entroido.
91. Vilasantar: 1 de marzo, Martes de Entroido, 26 de xullo, festa de Santa Ana.
92. Vimianzo: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de agosto, festa do Verán.
93. Zas: 26 de xullo, festa de Santa Margarita de Muíño, 2 de setembro, festa de Santa María de Baio.

ANEXO II
Calendario laboral 2022

Provincia: Lugo.

1. Abadín: 1 de marzo, Martes de Entroido, 27 de setembro, San Cosme de Montaña.
2. Alfoz: 1 de marzo, Martes de Entroido, 1 de agosto, festa dos Chóferes.
3. Antas de Ulla: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de setembro, Virxe dos Remedios.
4. Baleira: 1 de marzo, Martes de Entroido, 12 de agosto, San Cristóbal.
5. Baralla: 1 de marzo, Martes de Entroido, 29 de agosto, festivo local.
6. Barreiros: 1 de marzo, Martes de Entroido, 24 de agosto, San Bartolo.
7. Becerreá: 1 de marzo, Martes de Entroido, 14 de setembro, Santo Ecce-Homo.
8. Begonte: 1 de marzo, Martes de Entroido, 29 de xuño, San Pedro.
9. Bóveda: 1 de setembro, Festividade de San Xil, 15 de setembro, Divino Ecce-Homo.
10. Burela: 1 de marzo, Martes de Entroido, 6 de xuño, Luns das festas patronais.

CVE-DOG: 1b5xseb3-4pa4-28g9-xhp5-sa1a0fcbkzk8



11. Carballedo: 26 de xullo, festivo local, 16 de agosto, festivo local.
12. Castro de Rei: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de agosto, Luns seguinte ao San Roque e Dulce Nome de María.
13. Castroverde: 1 de marzo, Martes de Entroido, 26 de xullo, Santiago Apóstolo.
14. Cervantes: 1 de marzo, Martes de Entroido, 20 de maio, Nosa Señora dos Remedios.
15. Cervo: 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de agosto, San Roque.
16. Chantada: 30 de agosto, festa da empanada, 8 de setembro, Nosa Señora do Faro.
17. Corgo (O): 1 de marzo, Martes de Entroido, 5 de outubro, San Froilán.
18. Cospeito: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de setembro, Nosa Señora Virxe do Monte.
19. Folgoso do Courel: 19 de agosto, festas Patronais de Folgoso, 9 de decembro, Ponte da Constitución.
20. Fonsagrada (A): 1 de marzo, Martes de Entroido, 9 de setembro, festas Patronais da Fonsagrada.
21. Foz: 16 de xullo, Virxe de Carme, 10 de agosto, San Lourenzo.
22. Friol: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de xullo, Luns de Santa Isabel.
23. Guitiriz: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de agosto, Luns despois de Pardiñas.
24. Guntín: 1 de marzo, Martes de Entroido, 4 de xullo, Luns das festas de Guntín.
25. Incio (O): 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de maio, San Eufrasio.
26. Láncara: 1 de marzo, Martes de Entroido, 22 de agosto, Luns de San Roque.
27. Lourenzá: 1 de marzo, Martes de Entroido, 29 de agosto, Luns do Conde Santo.



28. Lugo: 1 de marzo, Martes de Entroido, 5 de outubro, San Froilán.
29. Meira: 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de agosto, San Roque.
30. Mondoñedo: 12 de setembro, Luns dos Remedios, 18 de outubro, As San Lucas.
31. Monforte de Lemos: 19 de abril, Martes de Pascua, 13 de xuño, San Antón.
32. Monterroso: 1 de marzo, Martes de Entroido, 29 de setembro, San Miguel.
33. Muras: 1 de marzo, Martes de Entroido, 27 de xuño, Luns posterior ás festas de San Pedro de Muras.
34. Navia de Suarna: 1 de marzo, Martes de Entroido, 19 de setembro, Virxe das Dores.
35. Negueira de Muñiz: 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de agosto, Festividade da Virxe da Veiga.
36. Nogais (As): 1 de marzo, Martes de Entroido, 5 de agosto, festa do Emigrante.
37. Oulol: 13 de maio, Nosa Señora de Fátima, 22 de agosto, Luns de Naseiro.
38. Outeiro de Rei: 1 de marzo, Martes de Entroido, 4 de xullo, Luns de Santa Isabel.
39. Palas de Rei: 28 de xaneiro, San Tirso, 14 de setembro Ecce-Hommo.
40. Pantón: 1 de marzo, Martes de Entroido, 22 de agosto, festas locais.
41. Paradela: 1 de marzo, Martes de Entroido, 29 de setembro, San Miguel.
42. Páramo (O): 1 de marzo, Martes de Entroido, 10 de xuño, festa de Primavera.
43. Pastoriza (A): 1 de marzo, Martes de Entroido, 18 de outubro, San Lucas.
44. Pedrafita do Cebreiro: 13 de xuño, San Antón, 9 de setembro, Romería Santo Milagre do Cebreiro.
45. Pobra de Brollón (A): 1 de marzo, Martes de Entroido, 17 de xuño, Día seguinte ao Corpus Christi.



46. Pol: 1 de marzo, Martes de Entroido, 24 de agosto, festa do Emigrante.
47. Pontenova (A): 1 de marzo, Martes de Entroido, 10 de outubro, Luns das Feiras.
48. Portomarín: 1 de marzo, Martes de Entroido, 5 de setembro, Santo Cristo das Victorias.
49. Quiroga: 18 de abril, Luns de Pascua, 11 de novembro, San Martiño.
50. Rábade: 1 de marzo, Martes de Entroido, 13 de agosto, Nosa Señora da Asunción.
51. Ribadeo: 16 de agosto, San Roque co-patrono da vila, 8 de setembro, Santa María del Campo.
52. Ribas de Sil: 16 de agosto, festas Patronais San Roque, 31 de outubro, San Claudio.
53. Ribeira de Piquín: 1 de marzo, Martes de Entroido, 22 de abril, Festividade de San Xurxo.
54. Riotorto: 1 de marzo, Martes de Entroido, 29 de xuño, San Pedro.
55. Samos: 11 de xullo, Luns de San Benito, 17 de agosto, Feira de Lóuzara.
56. Sarria: 27 de xuño, festas Patronais de San Xoán, 8 de setembro, Virxe dos Remedios.
57. Saviñao (O): 1 de marzo, Martes de Entroido, 9 de agosto, festas locais de Escairón.
58. Sober: 8 de setembro, Romaría de Cadeiras, 19 de setembro, festa do Carmen Sober.
59. Taboada: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de setembro, festas das Fachas de Castelo.
60. Trabada: 25 de abril, festivo local, 16 de agosto, festivo local.
61. Triacastela: 1 de marzo, Martes de Entroido, 17 de agosto, San Mamede.



62. Valadouro (O): 1 de marzo, Martes de Entroido, 9 de setembro, festa do Oito.
63. Vicedo (O): 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de agosto, Santo Estevo.
64. Vilalba: 31 de agosto, San Ramón, 1 de setembro, Santa María.
65. Viveiro: 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de agosto, San Roque.
66. Xermade: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de agosto, Luns de Santa María.
67. Xove: 1 de marzo, Martes de Entroido, 22 de agosto, festas patronais.

ANEXO III
Calendario laboral 2022

Provincia: Ourense.

1. Allariz: 1 de marzo, Martes de Entroido, 17 de xuño, Venres do Boi.
2. Amoeiro: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
3. Arnoia (A): 5 de agosto, festa do Pemento, 16 de agosto, San Roque.
4. Avión: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de agosto, Luns de San Roque.
5. Baltar: 1 de marzo, Martes de Entroido, 26 de maio, Día da Ascensión.
6. Bande: 1 de marzo, Martes de Entroido, 22 de agosto, festa de San Roque.
7. Baños de Molgas: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de setembro, Os Milagres.
8. Barbadás: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
9. Barco de Valdeorras (O): 23 maio, día hábil seguinte ao de Santa Rita, 14 de setembro, Día do Cristo.
10. Beade: 3 de febreiro, San Blas, 16 de agosto, San Roque.
11. Beariz: 1 de marzo, martes de Entroido, 16 de agosto, San Roque.

CVE-DOG: 1b5xseb3-4pa4-28g9-xhp5-sa1a0fcbkzk8



12. Blancos (Os): 1 de marzo, Martes de Entroido, 15 de setembro, Virxe das Dores.
13. Boborás: 13 de xuño, San Antonio, 19 de setembro, festa da Saleta.
14. Bola (A): 1 de marzo, Martes de Entroido, 3 de maio, Santa Cruz en Veiga.
15. Bolo (O): 16 de agosto, 13 de decembro.
16. Calvos de Randín: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de agosto, día seguinte á festa de Calvos.
17. Carballeda de Avia: 1 de marzo, Martes de Entroido, 6 de xuño, Luns de Lodairo.
18. Carballeda de Valdeorras: 1 de marzo, Martes de Entroido, 25 de abril, Nosa Sra. da Encarnación.
19. Carballiño (O): 1 de marzo, Martes de Entroido, 17 de setembro, Día de San Cibrao.
20. Cartelle: 21 de marzo, San Bieto, 22 de agosto, Virxe do Mundil.
21. Castrelo de Miño: 1 de marzo, Martes de Entroido, 5 de agosto, Virxe das Neves.
22. Castrelo do Val: 17 de xaneiro, San Antón, 2 de marzo, Mércores de Cinza.
23. Castro Caldelas: 20 de xaneiro, San Sebastián, 8 de setembro, Nosa Señora dos Remedios.
24. Celanova: 1 de marzo, San Rosendo, 16 de agosto, San Roque.
25. Cenlle: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de xullo, San Bieito.
26. Chandrexa de Queixa: 1 de marzo, Martes de Entroido, 5 de setembro, Luns posterior á festa do Cordeiro.
27. Coles: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
28. Cortegada: 11 de xullo, San Bieito, 26 de xullo, Santa Ana.



29. Cualedro: 2 de marzo, Mércores de Cinza, 13 de xuño, San Antonio.
30. Entrimo: 1 de marzo, Martes de Entroido, 2 de agosto.
31. Esgos: 2 de febreiro, As Candelas, 11 de novembro, San Martiño.
32. Gomesende: 16 de maio, 31 de outubro.
33. Gudiña (A): 25 de febreiro, Beato Sebastián de Aparicio, 24 de agosto, San Bartolomeu.
34. Irixo (O): 1 de marzo, Martes de Entroido, 13 de maio, Virxe de Fátima.
35. Larouco: 8 de setembro, 13 de decembro.
36. Laza: 2 de marzo, Mércores de Cinza, 3 de maio.
37. Leiro: 3 de maio, Santa Cruz, 29 de xuño, San Pedro.
38. Lobeira: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de setembro, Viso Pequeno.
39. Lobios: 1 de marzo, Martes de Entroido, 12 de agosto, festa do Verán.
40. Maceda: 1 de marzo, Martes de Entroido, 9 de agosto, festas patronais Maceda.
41. Manzaneda: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de agosto.
42. Maside: 1 de marzo, Martes de Entroido, 29 de agosto, Luns seguinte á festa do San Vitorio.
43. Melón: 3 de maio, Santa Cruz, 13 de xuño, San Antonio.
44. Merca (A): 6 de xuño, Espírito Santo, 11 de novembro, San Martiño.
45. Mezquita (A): 5 de agosto, Virxe das Neves, 11 de novembro, San Martiño.
46. Montederramo: 1 de marzo, Martes de Entroido, 16 de agosto, San Roque.
47. Monterrei: 26 de xullo, 16 de agosto.



48. Muíños: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
49. Nogueira de Ramuín: 16 de agosto, San Roque, 11 de novembro, San Martiño.
50. Oímbra: 2 de marzo, Mércores de Cinza, 26 de xullo, Santa Ana.
51. Ourense: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
52. Paderne de Allariz: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
53. Padrenda: 16 de setembro, San Cibrao, 7 de outubro, Rosario.
54. Parada de Sil: 1 de marzo, Martes de Entroido, 31 de agosto.
55. Pereiro de Aguiar (O): 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
56. Peroxa (A): 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
57. Petín: 17 de xaneiro, San Antón, 26 de xullo, Santa Ana.
58. Piñor: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
59. Pobra de Trives (A): 24 de agosto, 14 de setembro.
60. Pontedeva: 1 de marzo, Martes de Entroido, 26 de xuño, San Pelaio.
61. Porqueira: 1 de marzo, Martes de Entroido, 18 de abril, Luns de Pascua.
62. Punxín: 1 de marzo, Martes de Entroido, 25 de abril, San Wintila.
63. Quintela de Leirado: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
64. Rairiz de Veiga: 1 de marzo, Martes de Entroido, 9 de decembro.
65. Ramirás: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
66. Ribadavia: 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de setembro.
67. Riós: 16 de agosto, 15 de setembro.



68. Rúa (A): 13 de xuño, 8 de agosto.

69. Rubiá: 26 de maio, Día da Ascensión, 24 de agosto, San Bartolomeu.

70. San Amaro: 1 de marzo, Martes de Entroido, 15 de xullo, San Amaro.

71. San Cibrao das Viñas: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.

72. San Cristovo de Cea: 1 de marzo, Martes de Entroido, 26 de setembro, festas da Saleta.

73. San Xoán de Río: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.

74. Sandiás: 1 de marzo, Martes de Entroido, 18 de abril, Luns de Pascua.

75. Sarreaus: 28 de febreiro, Luns de Entroido, 12 de setembro, festa de Sarreaus.

76. Taboadela: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.

77. Teixeira (A): 1 de marzo, Martes de Entroido, 25 de novembro, Santa Catalina.

78. Toén: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.

79. Trasmiras: 1 de marzo, Martes de Entroido, 18 de abril, Luns de Pascua.

80. Veiga (A): 1 de marzo, Martes de Entroido, 8 de setembro.

81. Vereá: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.

82. Verín: 17 de xaneiro, San Antón, 2 de marzo, Mércores de Cinza.

83. Viana do Bolo: 2 de marzo, Mércores de Cinza, 16 de agosto, San Roque.

84. Vilamarín: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.

85. Vilamartín de Valdeorras: 22 de abril, San Xurxo, 22 de xullo, Santa María Madalena.

86. Vilar de Barrio: 16 de maio, 1 de agosto, San Fiz.



87. Vilar de Santos: 18 de abril, Luns de Pascua, 5 de agosto, Virxe das Neves.
88. Vilardevós: 2 de marzo, Mércores de Cinza, 16 de agosto, San Roque.
89. Vilariño de Conso: 28 de febreiro, Luns de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
90. Xinzo de Limia: 1 de marzo, Martes de Entroido, 18 de xullo, Santa Mariña.
91. Xunqueira de Ambía: 29 de abril, San Pedro, 16 de agosto, San Roque.
92. Xunqueira de Espadanedo: 1 de marzo, Martes de Entroido, 4 de xullo, luns das festas patronais na honra de Santa Isabel.

ANEXO IV
Calendario laboral 2022

Provincia: Pontevedra.

1. Agolada: 29 de xuño, San Pedro e San Pablo, 30 de xuño, San Pedro e San Pablo.
2. Arbo: 11 de xullo San Bieito, 16 de agosto, San Roque.
3. Baiona: 4 de marzo, festa da Arribada, 26 de setembro, Festividade de San Cosme e San Damián.
4. Barro: 17 de xuño, festa do Viño, 30 de setembro, Romaría de San Breixo.
5. Bueu: 16 de xullo, Festividade da Nosa Señora do Carme, 11 de novembro, Festividade de San Martiño.
6. Caldas de Reis: 16 de maio, 16 de agosto, San Roque.
7. Cambados: 11 de xullo, San Bieito, 18 de xullo, Santa Mariña.
8. Campo Lameiro: 13 de xuño, San Antonio, 29 de setembro, San Miguel.
9. Cangas: 8 de abril, Venres das Dores, 29 de agosto, Luns do Carme.
10. Cañiza (A): 6 de xuño, Romaría das Pascuillas, 21 de setembro, Romaría da Virxe de Peña de Francia.

CVE-DOG: 1b5xseb3-4pa4-28g9-xhp5-sa1a0fcbkzk8



11. Catoira: 4 de xullo, San Pedro na Parroquia de Dimo, 11 de xullo, San Antonio na parroquia de Catoira.

12. Cerdedo-Cotobade: 1 de agosto, Festividade do Ecce-Homo, 22 de agosto, San Roque.

13. Covelo: 16 de maio, 6 de xuño, festa das Pascuillas.

14. Crecente: 13 de maio, Festividade Virxe de Fátima, 29 de xuño, San Pedro.

15. Cuntis: 11 de xullo. San Bieito, 17 de agosto, Virxe do Carme.

16. Dozón: 18 de xullo, Luns da Virxe do Carme, 5 de setembro, Luns da Pena de Francia.

17. Estrada (A): 1 de marzo, Martes de Entroido, 27 de xuño, festas patronais.

18. Forcarei: 29 de agosto, Luns das Dores, 11 de novembro, San Martiño.

19. Fornelos de Montes: 18 de abril, Luns de Pascua, 10 de agosto, festas de San Lourenzo.

20. Gondomar: 11 de xullo, San Benito, 16 de agosto, San Roque.

21. Grove (O): 16 de xullo, Festividade do Carme, 11 de novembro, San Martiño.

22. Guarda (A): 16 de xullo, Virxe do Carme, 23 de setembro, Santa Tegra.

23. A Illa de Arousa: 7 de xaneiro, Festividade de San Xulián, 1 de marzo, Martes de Entroido.

24. Lalín: 26 de setembro, festas patronais Virxe das Dores, 27 de setembro, festas patronais Virxe das Dores.

25. Lama (A): 27 de xullo, San Xoaquín e Santa Ana, 5 de agosto, festa das Ermidas.

26. Marín: 16 de xullo, Festividade da Virxe do Carme, 8 de setembro, Festividade da Virxe do Porto.

27. Meaño: 11 de xullo, San Benito, 13 de decembro, Santa Lucía.



28. Meis: 18 de abril, Luns de Pascua (Nosa Señora das Cabezas), 11 de xullo, San Bieito.

29. Moaña: 16 de xullo, O Carne, 11 de novembro, San Martiño.

30. Mondariz: 6 de xuño, Día de la Franqueira, 16 de agosto, San Roque.

31. Mondariz-Balneario: 6 de xuño, Peregrinación ao Santuario da Franqueira, 15 de xullo, Festividade da Virxe do Carne.

32. Moraña: 19 de xullo, Santa Xusta, 13 de decembro, Santa Lucía.

33. Mos: 13 de xuño, festa da Rosa, 8 de agosto, San Mamede.

34. Neves (As): 29 de xullo, Festividade de Santa Marta, 5 de agosto, Festividade da Nosa Señora das Neves.

35. Nigrán: 29 de xuño, San Pedro, 1 de agosto, San Fiz.

36. Oia: 6 de xuño, Festividade da Virxe do Mar, Patrona de Oia, 27 de decembro, Festividade Santa Euxenia a Vella de Mougas.

37. Pazos de Borbén: 18 de abril, Luns de Pascua, 8 de agosto, A Branca pequena.

38. Poio: 17 de agosto, 24 de setembro, Nosa Sra. da Mercé.

39. Ponteareas: 20 de xuño, Luns seguinte á festividade do Corpus Christi, 29 de setembro, Festividade de San Miguel.

40. Ponte Caldelas: 18 de abril, Luns de Pascua, 31 de agosto, Mércores da festa das Dores.

41. Pontecesures: 7 de xaneiro, festa de San Xulián, 4 de xuño, festa do Carne.

42. Pontevedra: 2 de marzo, Mércores de Cinza, 11 de xullo, San Bieito.

43. Porriño (O): 11 de xullo, San Bieito, 26 de setembro, Festividade de Santo Cristo da Agonía.

44. Portas: 18 de abril, Luns de Pascua, 16 de maio.



45. Redondela: 25 de abril, Luns do Cristo, 16 de xuño, Xoves da Coca.
46. Ribadumia: 18 de abril, Luns de Pascua, 3 de xuño, festa do Viño Tinto.
47. Rodeiro: 13 de xuño, Santo Antonio, 8 de setembro, Nosa Señora do Faro.
48. Rosal (O): 4 de febreiro, Día da Saúde, 1 de marzo, Martes de Entroido.
49. Salceda de Caselas: 1 de marzo, Martes de Entroido, 18 de xullo, Luns do Cristo.
50. Salvaterra de Miño: 13 de xuño, Festividade do Santísimo Cristo da Victoria, 10 de agosto, Festividade de San Lourenzo.
51. Sanxenxo: 18 de abril, Romaría de O Con, 16 de agosto, San Roque.
52. Silleda: 8 de xullo, festa do Lacón, 22 de agosto, festa da Empanada de Bandeira.
53. Soutomaior: 18 de abril, Luns de Pascua, 6 de agosto, San Salvador.
54. Tomiño: 1 de marzo, Martes de Entroido, 12 de setembro, Luns do Alivio.
55. Tui: 1 de marzo, Martes de Entroido, 25 de abril, Luns de San Telmo.
56. Valga: 26 de xullo, Santa Ana, 16 de agosto, San Roque.
57. Vigo: 28 de marzo, Día da Reconquista, 16 de agosto, San Roque.
58. Vilaboa: 1 de marzo, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
59. Vila de Cruces: 8 de agosto, Festividade da Nosa Señora da Piedade, 9 de agosto, Festividade da Nosa Señora da Piedade.
60. Vilagarcía de Arousa: 23 de maio, Sta. Rita (Día posterior á festividade de Sta. Rita), 16 de agosto, San Roque.
61. Vilanova de Arousa: 15 de xaneiro, San Mauro, 16 de setembro, San Cibrán.



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 10 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2022, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertido erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 224, do 22 de novembro, cómpre facer as seguintes correccións:

No anexo I, provincia da Coruña, na páxina 57120, onde di: «10. Boimorto, 1 de marzo, Martes de Entroido, 6 de setembro, festas do Rosario», debe dicir: «10. Boimorto, 1 de marzo, Martes de Entroido, 5 de setembro, festas do Rosario», na páxina 57121, onde di: «24. Cee, 16 de xullo, festa de San Adrián, 16 de agosto, festa de San Roque», debe dicir: «24. Cee, 16 de xuño, festa de San Adrián, 16 de agosto, festa de San Roque».



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 10 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2022, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertido un erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 224, do 22 de novembro, é necesario facer as seguintes correccións:

No anexo III, na provincia de Ourense, na páxina 57131, onde di: «44. Merca (A), 6 de xuño, Espírito Santo, 11 de novembro, San Martiño», debe dicir: «44. Merca (A), 13 de xuño, Espírito Santo; 11 de novembro, San Martiño».

